

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se adxudica definitivamente o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Mediante Resolución do 13 de maio de 2022 convocouse un concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Logo de realizada a valoración dos méritos pola comisión de selección, publicouse no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal> o baremo provisional dos méritos e a relación provisional de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Consideradas as renuncias e revisadas ás reclamacións á resolución provisional e, de conformidade co artigo sétimo da Resolución do 13 de maio de 2022, logo da proposta formulada pola comisión de selección, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública a adxudicación definitiva das prazas do concurso de méritos específico convocado pola Resolución do 13 de maio de 2022 (Anexo I).

Segundo. Aprobar e facer público o baremo definitivo das persoas participantes no concurso de méritos específico (Anexo II).

Terceiro. Aprobar e facer pública a relación definitiva de persoas excluídas e as causas de exclusión da participación no concurso de méritos específico (Anexo III).

Cuarto. De conformidade co disposto no artigo 8 da dita resolución, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2022 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Quinto. As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga esixirá petición da persoa interesada e o informe favorable da inspección educativa e, de resultar preciso, informe complementario do equipo de orientación específico.

Sexto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de



internet da Consellería <https://www.edu.xunta.gal> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

